

# memoria das prácticas externas

2016-17



As Prácticas Externas realizadas na Escola Técnica Superior de Arquitectura, ETSAC, durante o curso 2016-17, encádranse dentro do título de Arquitecto (plano antigo), grao en Arquitectura (Boloña1) y grao en Estudos de Arquitectura, sendo este o terceiro ano no que se levan a cabo prácticas externas adaptadas ao EEES.

Con respecto as prácticas externas EEES, tense aprobado pola Xunta de Escola un Regulamento de Prácticas Externas da ETSAC, con data 11 de decembro de 2014.

O marco xurídico habitual no que se seguen a desenvolver as Prácticas Externas do plano antigo está ligado ao Convenio asinado entre a UDC e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, COAG, superando xa os catorce anos de andaina.

A ETSAC ten dous profesores coordinadores das Prácticas Externas, encargados de xestionar o Convenio no seu conxunto.

O horario de atención ao público durante o curso 2016-17 foi os luns de 10h00 a 12h00, no local habilitado para eses fins no andar -2 da ETSAC. Tamén se atenden todas as dúbidas no enderezo de correo electrónico [practicaseexternas.etsa@udc.es](mailto:practicaseexternas.etsa@udc.es), cunha media de cinco correos semanais.

As normas polas que se desenvolven as prácticas e toda a información relativa ao convenio atópanse colgadas na páxina web da ETSAC [http://etsa.udc.es/web/?page\\_id=447](http://etsa.udc.es/web/?page_id=447)

Os alumnos participantes teñen que ter superados o 50% dos créditos.

O alumno pode dedicar a esta actividade media xornada, 4 horas, agás os meses de verán, xullo e agosto nos que é posible aumentar a dedicación ás 8 horas. Estamos a falar dun labor remunerado cunha cantidade mínima de 300€ (convenio COAG-UDC) ou 80% do salario mínimo interprofesional (EEES). É esta condición de traballo retribuído pola que a dirección da ETSAC apostou desde o comezo e segue a apostar de cara ao futuro.

Son estas unhas prácticas extracurriculares que poden ter un recoñecemento dun máximo de 18 créditos (plano antigo), ben de materia optativa ou de libre configuración, de 4,50 créditos de materia optativa (Boloña 1) e de 6 créditos de materia optativa (Boloña 2). Cada un dos créditos corresponde a 50 horas de traballo do alumno na práctica externa (plano antigo) e 35 horas (EEES).

Para a obtención desta equivalencia académica, o alumno deberá presentar ao titor académico unha memoria da actividade desenvolvida acompañada por un informe do arquitecto titor profesional.

A pesar da continuada crise económica no sector da construción que ten afectado ao número total de contratos de prácticas asinados, este ascende a 68.

Contratos plano antigo	31
Contratos EEES	37

Recoñecéronse 48 créditos a 6 alumnos do plano antigo, 39 de materia de libre configuración e 9 de optativa.

Por outra banda, recoñecéronse 36 créditos de materia optativa a 8 alumnos EEES.

Tanto os alumnos, pois así o manifestan nas enquisas, como os arquitectos e a propia ETSAC consideran positiva a existencia destas Prácticas Externas como toma de contacto necesaria para o estudante entre o mundo académico e o profesional.

Coa entrega da memoria final, se lle solicita ao alumno que cubra unha enquisa voluntaria, nese período tivemos 50 enquisas entregadas, 17 do plan antigo e 33 do EEES.

Nambas enquisas se lle plantexan aos alumnos 10 preguntas sobre distintos aspectos das prácticas profesionais que teñen que avaliar de 1 a 10.

Os resultados poñen de manifesto que a nota máis baixa corresponde coa cuantía da bolsa, mentres que o grao de satisfacción maior corresponde coas preguntas que teñen que ver co ambiente de traballo, a importancia das prácticas para o futuro profesional e os estudos do alumno, así como a avaliación que recibe a coordinación das prácticas externas.

pregunta enquisas	nota media plano antigo	nota media EEES
1.-O número de horas traballadas ao mes é o axeitado	8,35	8,79
2.-A relación entre horas traballadas e créditos obtidos é a correcta	8,29	6,91
3.-A cuantía da bolsa pagada pola empresa é suficiente de acordo co traballo realizado	6,77	5,74
4.-As prácticas son compatibles coas túas obrigas académicas na ETSAC	7,80	7,66
5.-A formación recibida na ETSAC capacitoume suficientemente para a realización das prácticas	7,71	7,82
6.-A experiencia das prácticas externas é positiva para rematar os meus estudos de arquitectura	9,82	9,27
7.-A experiencia das prácticas externas é positiva para o meu futuro profesional	9,35	9,39
8.-Avalía o ambiente de traballo na empresa	9,47	8,94
9.-Avalía o labor do encargado das prácticas externas da ETSAC na súa organización	9,47	9,33
10.-En conxunto, avaliando de 1 a 10, que puntuación cres que merecen estas prácticas?	8,65	8,27

A Coruña, 06 de febreiro de 2018

Asdo.  
Margarita Lorenzo Durán  
Evaristo Zas Gómez  
Coordinadores de Prácticas Externas da ETSAC